Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
28.06.2024

LUGAR: Sala Manolo Ramos, 3º andar do edificio Ernestina Otero do campus de Vigo
DATA: 28.06.2024
HORA DE COMEZO: 12:30
HORA DE REMATE: 15:00

LISTA DE ASISTENTES:
Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Bravo Bosch, María José
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Castro Mouzo, Mercedes
Crespo Tobío, Silvia
Diz Folgar, Manuel
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Martínez Alonso, David
Martiño Gómez, Antonio
Mollinedo Lois, Carlos
Muleiro García, Avelino
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Santamaría Conde, Juan José
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA:
Larriba Leira, María Elvira
Macho Senra, Antonio
Novoa Rodríguez, María Sol
Ojea Bouzo, Armando
Pedrosa Silva, Ernesto

NON ASISTIRON:
Cendón Alonso, María Teresa
Gómez Xunqueira, Demetrio
Ortiz Álvarez, Ana María
Pérez Puga, Gerardo Ramón

SECRETARIO:
Rodríguez Iglesias, Ignacio

Consello Social
Universidade de Vigo

O venres, 28 de xuño de 2024, ás 12:30 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (12.06.2024).
2. Informe do presidente.
3. Informe do reitor.
4. Informe que proceda sobre as propostas de verificación ou modificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2025/2026. Informe do vicerreitor de Titulacións e Innovación docente.

Propostas de aprobación e acordos da Comisión Económica (reunión do 24 de xuño de 2024)

5. Aprobación, se procede, das contas anuais da Universidade de Vigo do exercicio 2023. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións.
6. Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).
7. Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria, S. A. (CUSA).
8. Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo (CITEXVI).
9. Recepción, análise e valoración das conclusións da auditoría operativa sobre "Intervención dos gastos mais representativos da universidade: capítulo I".
10. Outros asuntos. Doazón dun equipo de Lonza Biologics Porriño, S. L. ao CINBIO. Transferencias de crédito. Convenios asinados pola Universidade de Vigo en maio.
11. Informes da Xerencia. Asuntos pendentes:
    - Medidas aplicadas para o ingreso de saldos de dubidoso cobro, e resultados.
    - Medidas de contención do gasto a causa da insuficiencia do remanente dispoñible para financiar o orzamento de gastos de 2024.
    - Medidas previstas para a elaboración dun rexistro actualizado sobre o patrimonio material.
12. Aprobación, se procede, dunha aportación do Consello Social para a produción e distribución de material de acollida entre o alumnado de novo ingreso no curso 2024/2025, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
13. Designación dun membro do eido empresarial no Consello Reitor do Campus Auga, en representación do Consello Social.
14. Aprobación, se procede, dos prezos públicos para os Obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2024/2025, nos tres campus.
15. Rogos e preguntas.

Preside a sesión Juan Manuel Vieites, por delegación do presidente Ernesto Pedrosa que non pode asistir por unha indisposición repentina. Vieites xustifica a ausencia de Pedrosa Silva e agradece a presenza dos asistentes, en especial do vicerreitor Alfonso Lago, invitado para dar conta do punto 4 da orde do día.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (12.06.2024).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Tras iniciar o seu informe sinalando que os consellos sociais "non teñen natureza divina" e que foron creados nun contexto concreto con cometidos e competencias que van cambiando cos tempos, Juan Manuel Vieites, subliña que, con todo, hai dúas competencias que non mudaron no tempo, e ámbalas dúas examínanse neste Pleno: a implantación de novos títulos e a aprobación das contas da universidade.

Respecto da primeira cuestión lembra a obriga de adaptar a formación a un mundo tan cambiante, tendo en conta que implantar un título require un mínimo de ano e medio. Nese escenario reflexiona sobre a dificultade do camiño a elixir polas universidades ante un horizonte no que o 50% dos empregados en Europa precisarán unha reciclaxe profesional a medio prazo, ou no que máis do 50% das profesións que serán máis demandadas dentro de dez anos aínda non existen.

Pregúntase se teñen as universidades a permeabilidade e o coñecemento para introducir titulacións disruptivas en tan pouco tempo, e se teñen as empresas o radar necesario para detectalas; se existe un ritmo acompasado entre universidade e empresas para fomentar titulacións relacionadas coa tecnoloxía ou a sostibilidade, sectores que liderarán o emprego no futuro; ou se os consellos sociais deben atender primeiro á oferta das universidades ou á demanda das empresas. "Porque universidade e empresa son enerxías poderosas cando traballan mirándose", remata.

Sobre a competencia económica, agradece aos membros da Comisión Económica "o rigoroso análise" das contas da UVigo no exercicio 2023, avanzando que o resultado é bo en liñas xerais, e que a institución ten gran capacidade para captar recursos alleos. Anuncia, non obstante, unha reunión monográfica cautelar da comisión á volta do verán para actualizar o seguimento dos ingresos e os gastos da UVigo ante o peche do exercicio, que se aproveitará tamén para re-analizar a situación das sociedades participadas.

Agradece tamén ao reitor as referencias eloxiosas respecto do compromiso do Consello Social na mellora dalgunhas debilidades, en especial as referidas á necesaria actualización do inventario.

Sinala, finalmente, a entrega de senllos informes. Un, o elaborado polo Observatorio de Persoas Tituladas -a partir dunha pregunta de Antonio Macho- sobre a relación entre o emprego dos egresados da UVigo e a formación académica recibida. E outro, sobre a ocupación das residencias universitarias de Vigo e Ourense, perfil dos usuarios, procedencia, idade, titulación e tipo de estancia, elaborado a instancia da Comisión Económica.

Finalmente comunica que se pecha o prazo para facer aportacións ao cuestionario de autoavaliación do Consello Social, pasando á elaboración do cuestionario definitivo que se remitirá en breve. Abrirase entón un período para contestar ata o 6 de setembro, estando previsto presentar de seguido os resultados. Agradece a colaboración e a achega de respostas nese período.

Advirte Juan José Santamaría que na relación universidade-empresa non se debe esquecer aos egresados, por ser "un terceiro elemento importante".

PUNTO 3

Informe do reitor.

Principia Manuel Reigosa expresando a súa confianza en que o desenvolvemento autonómico da LOSU mellore a posición competencial do Consello Social, que tamén se tratará de promover a través dos estatutos da universidade. Igualmente ve fundamental o papel dos egresados, sobre todo tralo traballo de moitos anos do Consello Social neste campo e que acabou propiciando a comunidade Alumni como elemento vital para o contacto e a fortaleza empresarial. Anuncia neste senso unha xuntanza en setembro para avanzar na creación de micro-credenciais a petición das empresas.

Explica a continuación as previsións dunha "anualidade excepcional" co plan de infraestruturas a executar nos tres campus, nomeadamente que en Ourense se comuniquen os campus en superficie e se licite a Facultade de Aeroespacial; a cesión total ou parcial do edificio do Hospital en Pontevedra; e as obras na ETEA, en Vigo.

PUNTO 4

Informe que proceda sobre as propostas de verificación ou modificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2025/2026. Informe do vicerreitor de Titulacións e Innovación docente.

Intervén o vicerreitor Alfonso Lago para explicar pormenorizadamente as propostas cunha breve descrición das circunstancias e os aspectos máis salientables de cada unha delas, así como o procedemento seguido, os prazos e a casuística especial de Enfermaría. A este Máster se refire Elena Añel dando conta do descontento de distintos colectivos e incidindo en que só Pontevedra e POVISA están de acordo coa proposta que se fai e solicitando polo tanto a paralización do proceso. Pregunta así mesmo se sería viable a longo prazo unha Facultade de Enfermaría en Ourense e en Pontevedra. Yolanda López subscribe a posición amosada por Elena Añel e reitera a preocupación que existe en Ourense pola situación.

Alfonso Lago explica como se produce a integración, xustifica o cambio de posición que se produciu nos últimos anos respecto á necesidade de facer a integración con ou sen consenso, a evolución das negociacións e a necesidade de avanzar na proposta que se somete ao Pleno para cumprir co calendario establecido para o SUG (Real Decreto 822/2021) para iniciar a planificación da oferta de titulacións para o curso 2025/2026, xa que de non dar luz verde antes do 29 de xuño o título veríase retrasado a anos posteriores.

Expón o secretario, Ignacio Rodríguez, que, sendo coñecedores dende hai semanas da desconformidade de distintos colectivos de Ourense coa fórmula establecida para a implantación do Máster, expresada tanto a través dos medios de comunicación, como no último Consello de Goberno, no que se deu luz verde ao Máster sen votos en contra, no Consello Social recibíronse hai tres días os escritos pedindo a paralización. Suxire ponderar a situación, porque os prazos non dan marxe, e sobre todo porque está en marcha unha vella aspiración das escolas de Enfermaría, que non se conseguiu poñer en marcha ata agora, e que unha hipotética interrupción desbotaría a oportunidade e ata podería conducir á desistencia por parte da UVigo, como xa deixou dito o reitor no Consello de Goberno.

Engade que desconfiar das intencións coas que se adopta esta fórmula non debera por en risco a consecución do obxectivo, tendo ademais en conta que hai un reitor e un equipo de goberno responsables de buscar o mellor para a UVigo dende unha perspectiva de conxunto, tendo en conta tamén todas as reclamacións, sensibilidades e aportacións dos implicados. "Trátase de confiar nos que están a tomar as decisións," subliña, "para que o fagan libremente, porque deberán render contas ao final".

Por outra banda, manifesta que o Consello Social non está a perder competencias porque neste caso o proceso siga, xa que a LOSU dálle o papel de informar a oferta de titulacións oficiais da universidade no seu conxunto, cando na LOU atribuíaselle emitir un informe sobre cada unha delas. Propón como resumo non interromper a tramitación para non perder a oportunidade; confiar nos responsables de elaborar a mellor proposta e a máis integradora posible; e protexer que o proceso se desenvolva tendo en conta a todos os que aporten, tamén dende a resistencia ou o desacordo. Valora a posibilidade de crear un grupo reducido de seguimento -previa conformidade do presidente hoxe ausente- que avalíe periodicamente a evolución, e que o reitor informe en cada Pleno dos pasos dados e dos seguintes a dar.

Alfonso Lago aclara que no protocolo xeral que se firmou no SUG acordouse que só habería unha Facultade de Enfermaría en cada unha das universidades, acordo que se deberá cumprir, e reitera que na UVigo aprobáronse tres sedes, unha en cada campus. Explica que sen a modificación do grao non se podería crear a Facultade. Afirma que o consenso non foi posible e describe en detalle os pasos dados dende o principio, os puntos de obrigado cumprimento e os requisitos a cumprir para non ter problemas.

Elena Añel non desbota efectuar un seguimento e reivindica o compoñente de control que considera esencial como función do Consello Social. Avanza a súa abstención neste punto "polas incertezas" e as dubidas que lle xera.

Varios asistentes interveñen con diferentes puntos de vista, entre eles Antonio Martiño, que se interesa por saber como se vai a resolver a diferencia de salarios do profesorado actual respecto do que existe na universidade; e Carlos Mollinedo, que dá o parabén ao reitor por abordar a integración que intentaron os seus predecesores sen conseguila. Sostén que non hai razóns para desconfiar de ninguén, cualifica o problema existente como local e non académico, e abunda que o problema ven de non ter unha Facultade de Ciencias da Saúde "que houbera evitado moitos problemas". Avoga por pedir garantías de integración na UVigo, e non velo todo dende os localismos. Respecto dos dereitos laborais e académicos si que están garantidos, "e hai precedentes".

Pecha o reitor razoando que ter unha Facultade de Enfermaría era un soño, porque ninguén puido conseguila antes e porque será moi relevante nunha sociedade como a que ven. Reflexiona sobre o baixo número de profesorado doutor ou acreditado, polo que ao xuntalo representa unha maior agrupación. Repasa os fitos dende que as Consellerías implicadas e as universidades galegas pronunciáronse a favor de dar este paso, cun recoñecemento e gratitude especial para o compromiso do ex-conselleiro de Sanidade, Julio Comesaña, engadindo que crear unha facultade única desbloqueou o acordo e posibilitou o consenso naquel momento, e así hai que aceptalo. Admite que foron moitos os atrancos, polo que en algúns momentos chegara a pensar en abandonar. Reafirma que se mantivo unha liña insistente de informar e explicar os criterios a todas as partes implicadas, con convocatorias feitas nos tres campus, con escasísima asistencia en moitos casos, e reitera que os estudos faranse provisionalmente en Fisioterapia pero a Facultade "terá una presenza igualitaria nos tres campus", e será un referente en investigación. Resume que o proceso está agora pendente dos convenios de desadscrición coas institución das que dependen as actuais escolas de Enfermaría.

Manuel Reigosa remata proclamando que a UVigo e Galicia sentiranse orgullosas desa facultade e pide un voto de confianza: "seis anos de traballo deben reportar certa confianza", conclúe.

Elena Añel anuncia que se abstén.

- *O Pleno informa favorablemente.*

PUNTO 5

Aprobación, se procede, das contas anuais da Universidade de Vigo do exercicio 2023. Informe de auditoría e Memorando de recomendación.

Juan Manuel Vieites expón que a Comisión Económica recibiu da Xerencia diversa información referida ao plan elaborado para iniciar a actualización do inventario, a como se está abordando positivamente o cobro de saldos dubidosos e a como se buscan xeitos de recortar gastos para evitar o remanente negativo, basicamente aprazando a incorporación de novo persoal e contendo as convocatorias de ofertas públicas de emprego. Matiza que as contas revelan "boa saúde" pero considera aconsellable buscar novas fontes de financiación.

Na análise que fai das contas cualifica como bo o resultado do exercicio 2023 que tralos axustes presenta un resultado positivo de 2.299.734,52 €, se ben advirte que de non dispor a UVigo de remanente libre o resultado houbese sido de -561.303,30 €, e tendo en conta que o remanente libre estase reducindo, manifféstase "preocupado" e entende que "debemos realizar un seguimento máis estrito destes axustes".

Respecto á partida de debedores de dubidoso cobro destaca que se reduce dende os 5.737.261,39 € da liquidación provisional de febreiro a 2.854.700,53 €. Recoñece o esforzo da Xerencia para cobrar as débedas pero entende que se debe seguir nesa liña.

No tocante ao remanente dispoñible final, o presidente subliña que é inferior ao presentado na liquidación provisional de febreiro a pesares de ter reducido os debedores. Cualifica a cifra de "preocupante", por ser inferior á presentada e tendo en conta que o orzamento de 2024 financiouse cunha cantidade moi superior (18.618.599,20 €).

Destaca, entre outras reflexións, a gran subida da conta de ingresos que pasa de 164.334.472,40 € do exercicio 2022 a 184.436.931,93 € en 2023.

Interésase por saber a que se debe un ingreso de 2.177.992,44 € en Exceso de provisións que non estaba en 2022, e destaca na parte de gastos a "enorme subida" dos gastos de persoal que ascenden a 145.920.216,78 € cando en 2022 eran de 135.392.747,98 € o que representa un 7,78% máis. Tal e como advertiu na comisión, pide ser conscientes de que este gasto considérase estrutural e se as subidas en gastos non veñen acompañadas con subidas en ingresos estruturais "pódese provocar a corto e medio prazo un desequilibrio económico para a universidade".

Outras cuestións sobre as que pide aclaracións refírense á causa da baixa cifra de licitacións públicas da UVigo (só 26 en 2023 fronte ás 41 de 2022 e as 54 de 2021), como reflicte a memoria, e o empeoramento do indicador do orzamento de gastos nos últimos exercicios, que revelan que non se están a facer as previsións de xeito adecuado.

Anuncia a intención de convocar unha Comisión Económica extraordinaria en setembro, para coñecer a evolución de ingresos e gastos con antelación ao peche do exercicio, e re-analizar as perspectivas e situación das sociedades participadas.

Emilio Zunzunegui observa que no capítulo I hai un desaxuste non contemplado no Plan de Financiación (PF) ata 2026, e pregunta ao reitor se está previsto corrixilo. Manuel Reigosa recoñece que hai unha suba importante do

capítulo I, que ven de fóra "e ponnos en risco", por circunstancias como o incremento de sexenios, que non veñen financiados, o crecemento por méritos que revela que o PDI está a facer ben as cousas e ten cada vez máis recoñecementos. Comunica que está xa solicitada unha reunión da comisión do PF para tratar a situación, e desvela que hai dúas razóns para ser optimistas: o número de persoal con sexenios que se xubilará nos próximos dez anos, e a intención da Xunta de cumprir co financiamento do 1% do PIB que prevé a LOSU. Declara finalmente que asume a contención do gasto que se pide dende o Consello Social "témolo en conta e farémolo a medio e longo prazo", se ben estima que as prazas relacionadas coa remuda profesional deberían manterse na OPE "porque é un alicerce fundamental da universidade do futuro".

A xerente comparte a análise exposta neste punto e as prioridades apuntadas, expresa o seu punto de vista sobre as contas e sobre a situación económica xeral e dá contestación a varios asuntos concretos que preguntan ou piden aclarar os asistentes. Valora o traballo feito na Comisión Económica.

Pide a palabra Juan José Santamaría para agradecer a información proporcionada. Pronunciase sobre as contas e sobre os puntos 7 e 8, cunha serie de consideracións, valoracións e advertencias que se recollen no documento ao que dá lectura e que -dada a extensión e o contido técnico no que se expresa- se anexa á acta na súa literalidade (ANEXO I). Comunica que vota a favor das contas con reserva de opinión. Juan Manuel Vieites agradécelle a exposición.

- ***Apróbanse por asentimento, consonte o expresado no informe de auditoría.***

PUNTOS 6, 7 e 8

Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria, S. A. (CUSA).

Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo (CITEXVI)

O presidente expón a situación de cada unha das sociedades, resumindo a análise pormenorizada feita pola comisión que preside, subliñando respecto da FUVI a importancia de facer un seguimento do cobro de debedores; no caso de CUSA destaca a necesidade de buscar unha negociación co adxudicatario da piscina para evitar o risco dun problema de tesouraría; e en canto a CITEXVI revela unha perda contable, que non de actividade económica. Con carácter xeral manifestase partidario de seguir con atención as respectivas evolucións, para evitar que repercutan nas contas da UVigo.

- ***Apróbanse consonte o expresado no informe de auditoría.***

PUNTO 9

Recepción, análise e valoración das conclusións da auditoría operativa sobre "Intervención dos gastos mais representativos da universidade: capítulo I".

Resume o presidente que as conclusións da auditoría revelan a necesidade de que a UVigo mellore os controles tanto no proceso de contratación de persoal investigador como no cumprimento da lexislación vixente en materia de control horario e avaliación de desempeño. Tamén amosa a necesidade de mellorar a interrelación entre os sistemas informáticos de xestión de gastos de persoal e o sistema contable. Conclúe que polo dito "debemos solicitar ao equipo de goberno que teña en conta estas conclusións á hora de planificar a medio prazo as políticas de contratación e control de recursos humanos". A xerente asume o compromiso e comunica que serán tidas en conta e aplicadas dada a súa importancia, o que subscribe o reitor. Juan José Santamaría manifesta seu parecer favorable ao informe, apuntando que tempo haberá de ocuparse da Contratación da universidade e da auditoría de sustentabilidade, porque a prioridade agora é o inmobilizado.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 10

Outros asuntos. Doazón dun equipo de Lonza Biologics Porriño, S. L. ao CINBIO. Transferencias de crédito. Convenios asinados pola Universidade de Vigo en maio.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 11

Informes da Xerencia. Asuntos pendentes:

- *Medidas aplicadas para o ingreso de saldos de dubidoso cobro, e resultados.*
- *Medidas de contención do gasto a causa da insuficiencia do remanente dispoñible para financiar o orzamento de gastos de 2024.*
- *Medidas previstas para a elaboración dun rexistro actualizado sobre o patrimonio material.*

Dáse traslado ao Pleno dos resumes solicitados e presentados na Comisión Económica, na que a Xerencia dá conta da evolución dos saldos de dubidoso cobro, sobre as medidas de contención do gasto e as medidas para elaborar un rexistro actualizado do patrimonio material. Yolanda Lesmes puntualiza algún dos aspectos máis destacados en cada un dos epígrafes, e salienta a intención de implantar unha maior cultura sobre a importancia do inventario. Juan Manuel Vieites esquematiza que a Xerencia presentou un plan e un cronograma co que se está a traballar para actualizar a xestión do patrimonio.

Doutra banda, explica as razóns da proposta dunha transferencia de crédito (Consello de Goberno do 20.06.2024), por importe de 80.000 €, que implica ás Vicerreitorías de Investigación e do campus de Pontevedra, para realizar accións de potenciación do doutoramento, actividades dentro da semana da creatividade, congresos e axudas predoutorais, unha operación que cualifica como tecnicamente correcta.

Finalmente, a xerente deixa constancia da imposibilidade de obter o informe de análise de risco de conflito de intereses a través do sistema Minerva. A UVigo trata con este paso de dar cumprimento ás obrigas derivadas da financiación de actuacións acollidas ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia Nextgenerationeu, despois de firmar un convenio coa Consellería de Emprego e Igualdade e as outras universidades galegas integrado nese marco e polo que recibirá 160 mil euros. Pero o expediente está aínda en estado "de valoración". Yolanda Lesmes aporta un escrito do que se lle deu traslado aos membros.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 12

Aprobación, se procede, dunha aportación do Consello Social para a produción e distribución de material de acollida entre o alumnado de novo ingreso no curso 2024/2025, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.

Revisada a proposta que se presenta, o secretario propón aplicar a redución do 20% que recollen as normas do Consello Social respecto da aportación realizada no pasado exercicio que ascendera a 12.500 €, quedando polo tanto en 10.000 € este ano.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 13

Designación dun membro do eido empresarial no Consello Reitor do Campus Auga, en representación do Consello Social.

Indica Ignacio Rodríguez que, despois da representación no Campus Crea, dende o campus de Ourense ofréceselle ao Consello Social a designación dun representante no Consello reitor do Campus Auga. Tras agradecer a deferencia do vicerreitor do Campus, comunica a intención de optar por propoñer a algunha empresa representativa no tecido local e vinculada ao sector da sostibilidade ou o medio ambiente. O obxectivo é achegar potencialidade, coñecemento e experiencia para aproveitamento do alumnado tanto a nivel formativo como investigador ou mesmo laboral, ademais de crear sinerxías entre a universidade e a empresa. Engade que se o Pleno acéptao, iniciarase a procura dunha empresa candidata que responda ao perfil e acepte a pertenza, do que se informará.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 14

Aprobación, se procede, dos prezos públicos para os Obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2024/2025, nos tres campus.

- ***Apróbanse por asentimento.***

PUNTO 15

Rogos e preguntas.

Expón ao reitor unha pregunta Juan José Santamaría sobre o futuro que se albisca para o Consello Social, concretamente sobre o modelo que sairá da LOSU, e se no período de transición a Consellería ten tratado sobre a renovación dos membros que están a punto de rematar mandato, ou da continuidade da actual composición ata o desenvolvemento autonómico e a aplicación da nova lei.

En segundo lugar suxire que cando se trate de implantar novos títulos oficiais do sistema universitario español que aínda non se imparten en Galicia, se pense nas saídas profesionais non só en España senón en todo o Espazo Europeo de Educación Superior. E concreta que: "tendo en conta que a LOSU permite graos con certo perfil e orientación profesional, recomenda para a UVigo un grao de Administración e Dirección de Empresas con perfil de Contabilidade e Auditoría, que habilite á actividade profesional de Experto Contable, que está recoñecida e ten reserva de actividade en países como Francia ou Portugal, e que a nosa organización colexial está promovendo no Reino de España, dentro das profesións reguladas xa recoñecidas pola Comisión Europea".

Engade que igualmente, podería implantar "un grao de Economía Cuantitativa que inclúa Ciencias Actuariais e, en concreto, o *Core Syllabus for Actuarial Training in Europe* que constitúe unha formación básica para o exercicio profesional de economista e, á vez, Actuario de Seguros, experto en control de riscos económico-financeiros".

En síntese, resposta o reitor, que agradece as aportacións, que o campo de traballo é xa o mercado global "que está levando a talentos nosos", polo que "temos que traelos tamén de fora". No tocante ás profesións, avisa que toma nota e adianta que enriba da mesa está xa que no SUG "teñamos xa previstas polo menos seis titulacións novas que non hai hoxe aquí". Apela á necesaria discreción para non adiantar intencións que puideran verse prexudicadas de facerse públicas antes de tempo, e garante que se están a poñer as bases de futuro. No que respecta aos consellos sociais manifesta que a LOSU abrirá novos escenarios, como as reunións conxuntas entre universidades e consellos sociais para compartir iniciativas e acordar liñas de actuación. Tamén considera que os nomeamentos dos membros non mudarán en canto a composición e mandatos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15:00 horas do 28 de xuño de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr., O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
Por delegación,
Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
(Asinado dixitalmente)

35991928X JUAN MANUEL VIEITES (R: G15080476)

Firmado digitalmente por 35991928X JUAN MANUEL VIEITES (R: G15080476)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)

RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D

Firmado digitalmente por RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Fecha: 2024.11.04 19:22:20 +01'00'

Consello Social
Universidade de Vigo

(ANEXO I)

INTERVENCIÓNS DE JUAN JOSÉ SANTAMARÍA CONDE:
Sesión do 28.06.2024

Punto 5 Cuentas Anuales de la UVIGO.

Seguimos sin registro del Inmovilizado Material, que es ya una constante. Sin embargo, las cantidades son relevantes:

Cita auditoría:

„ Debido fundamentalmente a que la Universidad no dispone de un registro actualizado de los elementos que componen el epígrafe "Inmovilizado material" del balance de situación, durante nuestro trabajo de auditoria no hemos obtenido evidencia suficiente y adecuada sobre la correcta composición del coste y de la amortización acumulada de los activos incluidos en dicho epígrafe, cuyo importe al 31 de diciembre de 2023 asciende a 202 millones de euros, así como del gasto por amortización asociado e incluido en el epígrafe "Amortización del inmovilizado" de la cuenta de resultados económico-patrimonial del ejercicio 2023, cuyo importe asciende a 9 millones de euros. Nuestro informe de auditoría del ejercicio 2022 incluía una limitación al alcance de naturaleza similar.

Veamos:

- Activo corriente incrementado en 14 millones respecto a 2022, mas sigue habiendo 40 millones en deudas por cobrar
- Los sueldos se han incrementado en 9 millones, pero las cargas sociales solo en 2. **¿Se entiende que ha aumentado considerablemente el cuadro de funcionarios, pero no el de laborales, o es simplemente la distribución correcta de sueldos e impuestos?**
- Resultado económico patrimonial: se incrementa 10 millones respecto a 2022 **(¿?)**
- Laborais eventuais: 4,5 millones (¡!) Llamativo esto; ¿profesorado asociado, fundamentalmente? **¿Qué entra aquí?**
- Productividad PAS: 1,5 millones
- 1,3 millones deuda de IBI con Concello de Vigo (¡!). La LOSU establece exenciones tributarias a las Universidades (art. 58.5). Se deben hacer valer los derechos a tales exenciones, incluso acudiendo a los Tribunales de Justicia.
- Bolsas para a formación de investigadores: poco dinero (400.000 y pico de euros)
- Provisión para premio de jubilación: Hasta dónde se me alcanza, solo para PAS (¡!). **¿por qué no también al PDI?**
- ¿Compromiso de gastos hasta 2028? Vincula a los nuevos equipos gobernantes.
- Cincuenta y pico millones en gestión da universidade; ¡no está mal!

Spin off

Conflicto de intereses, según auditores:

"Sin embargo, las participaciones en Spin-off son el resultado de uno de los fines principales de la Universidad, por lo que cualitativamente, consideramos este riesgo un aspecto importante en el entorno de la Universidad. En este sentido, no se mantiene por parte de la Universidad un control detallado y actualizado de las participaciones en Spin-off y de la situación actual de cada una de ellas (indicadores económicos, de negocio y sociales). Además, la mayoría de las Spin-off constituidas, no consiguen los resultados y objetivos esperados. Esto es debido principalmente a la existencia de un conflicto de intereses para la Universidad. Por un lado, la universidad desea que las spin off creadas funcionen y tengan éxito en el mercado, con crecimiento y creación de riqueza social. Por otro lado, la universidad se ve favorecida por la creación de spin off en sus indicadores para la recepción de financiación e ingresos por transferencia. Este conflicto, puede propiciar situaciones en las que, a pesar de que la conclusión del análisis de un proyecto de investigación no sea favorable y optimista en cuanto al resultado de su explotación en el mercado, se decida finalmente formalizar el acuerdo de transferencia porque cuenta positivamente para la universidad en sus indicadores."

Gastos judiciales, según también indican los auditores:

> "La Universidad se ve afectada en determinadas circunstancias por diversos procedimientos judiciales por reclamaciones relacionadas con el personal de la Universidad, los cuales podrían dar lugar a obligaciones de pago y sobre las que la Universidad no mantiene registradas provisiones conforme a la mejor estimación con base en la opinión del órgano de gobierno y sus asesores legales. Durante el trabajo de auditoría de cuentas se han regularizado importes antiguos de fianzas y depósitos judiciales."

Los casos de CUSA y CITEXVI:

- CUSA;

Con pérdidas, como siempre. No hay plan alguno para evitarlas.

- CITEXVI:

También Pérdidas

Utilizar sociedades de capital o mercantiles, como entes instrumentales de la Universidad, para actividades que generan pérdidas es contrario al imperativo legal de equilibrio presupuestario de la UVIGO (art. 57.1 de la LOSU). Desde mi punto de vista, se sigue eludiendo, pues, las obligaciones que el Derecho Público impone a la Universidad, en el régimen económico y en el de contratación, mediante la instrumentalización del Derecho Privado. No obstante, ambas mercantiles tienen carácter público, pues la mayoría de su capital es público y no privado, que conste.

Los casos de CUSA e CITEXVI:
Punto 7. Cuentas de CUSA:

- Si entramos en la Memoria de las Cuentas Anuales de *Cidade Universitaria, S. A.*, observamos diversos errores que ya hemos levantado desde la Memoria del ejercicio 2020, en correspondencia privada al Sr. presidente de este Consejo Social y los errores, *errare humanum est …*, una vez advertidos, se no se corrigen, se transforman en faltas a la verdad que siguen sin ser subsanadas de una a otra Memoria de las Cuentas Anuales de CUSA:

Veamos, reitero y copio:

- **En el punto 1 de dicha Memoria (pág. 9) consta que**:

Cidade Universitaria, S. A. (en adelante la sociedad) se constituyó como sociedad anónima en Vigo (Pontevedra) el 30 de julio de 1999 por un período de tiempo indefinido.

Tomemos nota y recordemos: <u>30 de julio de 1999.</u>

Y también consta:

La sociedad está integrada en la Universidad de Vigo, por lo que, de acuerdo con lo establecido en el artículo 136.4 de la Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuestaria, la Universidad de Vigo, al no ser una entidad mercantil, no está obligada a depositar sus cuentas consolidadas en el Registro Mercantil.

Primero. - Si se consulta el punto 4 del referido artículo de la Ley estatal General Presupuestaria, se verá que hace referencia a entidades del sector público estatal, no a entidades de las administraciones autonómica o local ni tampoco a aquellas que conforman el sector público institucional: Universidades incluidas (art. 2.2.c) de la ley 40/2015, de 1 de octubre, del Régimen Jurídico del Sector Público).

Segundo. - Bien sabemos que dónde tiene que presentar Cuentas consolidadas la Universidad es en el Consello de Contas, órgano autonómico de fiscalización a estos efectos.

- **En el Punto 4** (pág. 39). **Inmovilizado material, intangible … se dice:**

El principal elemento de inmovilizado intangible consiste en la concesión administrativa otorgada por la Universidad de Vigo para la explotación de los terrenos sobre los que se asientan las construcciones de la Sociedad. Estos terrenos son propiedad de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria -ni siquiera se actualiza la denominación oficial de la Consellería: *Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e*

Formación Profesional- de la Xunta de Galicia y están adscritos en uso a Cidade Universitaria, S. A., por acuerdo de la Xunta de Gobierno celebrada el 24 de junio de 1999, (subrayo esta otra fecha).

Alguien me puede explicar cómo es posible que la Xunta de Gobierno –hoy Consello de Goberno- de la UVIGO pudo hacer cesión del derecho de superficie a una entidad: CUCA, que no existía hasta el 30 de julio. Por mucho menos, algún dirigente de la *Xunta de Galicia* fue inhabilitado por los Tribunales de Justicia por haber contratado con una empresa días antes de que se constituyese e inscribiese en el Registro Mercantil.

De acuerdo con nota simple de la que me he provisto en el Registro Mercantil, por elemental desempeño de mis funciones en este órgano colegiado, de 08.11.2021, tales terrenos y edificaciones, hoy de la Fac. de Filología, Traducción e Interpretación que, originariamente, fuel el CUVI: Colexio Universitario, obra social de CAIXA VIGO, fueron adquiridos por la :UV:I:GO el 26.04.1990,m en una Notaría de Santiago de Compostela por don Domingo Docampo Amoedo, Rector entonces de la UVIGO.

Si, además, se repara en las Cuentas Anuales de la UVIGO, se verá que tal Facultad de Filología es elemento patrimonial de la propia Universidad y no de otra titularidad pública puesta a disposición de la Universidad. ¿En qué quedamos, los terrenos en los que supuestamente están las construcciones de CUSA son de la Consellería de Educación o de la propia Universidad? ¿Cuántos más años se van a seguir repitiendo estas contradicciones que afectan a un Inmovilizado tan deficientemente registrado, según los auditores de la UVIGO?,

Que conste que también se puede responsabilizar a los auditores de CUSA de estas inexactitudes, se non foron inducidos a erro desde a UVIGO. **Estas cuestións son serias e tomémolas así, en serio, por favor.**

Y continúo:

El Sr, presidente del Consejo Social continúa como Consejero de CUSA (pág. 55 de la Memoria), **aunque no figura su firma en las Cuentas Anuales de 2023. Según sus propias palabras en este Consejo Social él mismo había decidido renunciar a tal cargo en CUSA, por incompatibilidad expresa del artículo 78 de la Ley 6/2013, de 13 de junio, del Sistema Universitario de Galicia. Puestos a ocuparnos del propio desempeñó de las funciones de este Órgano colegiado, será cosa de pedir copia de las Cuentas de CUSA en el Registro Mercantil y una nota simple de la relación de consejeros para hacer valer toda esta documentación ante las autoridades de la *Xunta de Galicia* i del ICAC (**Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas**) del Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. Y se hará, a no tardar mucho, no les quepa duda. Quien avisa siempre, no traiciona nunca.**

Punto 8. Cuentas de CITEXVI :

Si fuesen pocas las contradicciones precedentes, pasemos a la memoria das Contas Anuais de *Cidade Tecnolóxica de Vigo, S. A:*

- Punto 5.1 (páx. 16). **Estado de movimientos del inmovilizado material, intangible ...:**

La sociedad es titular del derecho de superficie de dicho terreno, constituido a su favor por la Universidad de Vigo, en escritura pública de fecha 13 de abril de 2016, sim que supusiera coste alguno para las partes, por un plazo de sesenta y seis años a contar desde la fecha de dicha escritura, prorrogables hasta un máximo de noventa y nueve años. En la finca objeto de dicho derecho de superficie, CITEXVI ha procedido a la construcción del edificio donde radica su sede y desarrolla su actividad.

¿Cómo pudo hacer la Universidad cesión del derecho de superficie a CITEXVI, de terrenos que no eran patrimoniales ni de titularidad pública a disposición de la UVIGO, con la salvedad de los de la Fac? de Filología? ¿Puso el Consello de Vigo los terrenos expropiados a las Comunidades de Montes de Marcosende a disposición de la UVIGO y en qué fecha?

Consello Social
Universidade de Vigo

(ANEXO II)

Universidade Vigo

ASUNTO: IMPOSIBILIDAD DE OBTENER EL INFORME DE ANÁLISIS DE RIESGO DE CONFLICTO DE INTERESES DE MINERVA EX ANTE.

AYUDA**:** código en CoFFEE - C23.I05.P01.S07.PROVISIONAL.S02

NÚMERO DE EXPEDIENTE**:** PEDIDOS 2024011028 – 2024012072 - 2024012146

D. MANUEL JOAQUIN REIGOSA ROGER, RECTOR DE LA UNIVERSIDADE DE VIGO, como responsable del subproyecto dado de alta en la plataforma CoFFEE con código C23.I05.P01.S07.PROVISIONAL.S02,

INFORMO que:

La Universidad de Vigo resultó beneficiaria de una ayuda a través del CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE Y LAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Y VIGO PARA REALIZAR ACTUACIONES DE DIFUSIÓN, PROMOCIÓN Y APOYO AL EMPRENDIMIENTO EN LA COMUNIDAD UNIVERSITARIA, INTEGRADAS EN EL PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES DEL CENTRO DE ORIENTACIÓN, EMPRENDIMIENTO, ACOMPAÑAMIENTO E INNOVACIÓN PARA EL EMPLEO DE LA COMUIDAD AUTONÓMIA DE GALICIA, EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓNS, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

Con el fin de dar cumplimiento a las obligaciones derivadas de la financiación de actuaciones a través de dichos fondos, se dió de alta en el Sistema de Información de Gestión y Seguimiento del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia - PRTR (CoFFEE), el subproyecto "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE Y LAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Y VIGO PARA REALIZAR ACTUACIONES DE DIFUSIÓN, PROMOCIÓN Y APOYO AL EMPRENDIMIENTO EN LA COMUNIDAD UNIVERSITARIA, INTEGRADAS EN EL PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES DEL COE
GALICIA", identificado con el código C23.I05.P01.S07.PROVISIONAL.S02, el cual incluye entre sus actuaciones:

PEDIDO 2024011028: Stand para los emprendedores/as de la UVigo (programa INCUVI) en la Pont Up Store - https://pontupstore.com/?lang=es

PEDIDO 2024012072: Creación/diseño de una plataforma que permita una gestión más eficaz de los proyectos. - La aplicación se hace a medida y pasa a ser propiedad de la UVigo.

PEDIDO 2024012146: Dinamización de programas de emprendimiento.

Estando en tramitación el expediente para la contratación de los citados servicios, no se pudo realizar la petición de análisis de riesgo de conflicto de intereses a través del sistema Minerva debido a que dicho subproyecto no fue revisado por causas ajenas a este organismo y se encuentra todavía **en estado "EN VALIDACIÓN",** por lo que no es posible obtener el código de referencia de la operación (CRO) que permite solicitar el informe de conflicto de intereses en Minerva.

Este informe será incorporado a CoFFEE en el apartado "Documentos anexos" del subproyecto y será, así mismo, trasladado al Comité Antifraude de la Universidad de Vigo para su conocimiento.

Consello Social
Universidade de Vigo

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE | Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU | Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia | SEPE

CSV : GEN-7675-6371-75bc-bcd8-30ee-431a-5f50-775e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 14/06/2024 13:13 | NOTAS : F